

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PORTO DO SON**

*ANUNCIO das bases da convocatoria de catro prazas de auxiliar administrativo (estabilización de emprego).*

Acordo da Xunta de Goberno local do 16 de xuño de 2021 referente á convocatoria para prover catro prazas.

No *Boletín Oficial* da provincia da Coruña número 130, do 13 de xullo de 2021, publícanse integramente as bases que rexerán a convocatoria das prazas de funcionarios/as de carreira pertencentes ao grupo C, subgrupo C2, encadradas na escala de Administración xeral, subescala auxiliar, baixo a denominación de catro auxiliares administrativos, da oferta de emprego público de 2019, publicada no BOP número 77, do 24 de abril de 2019, mediante o sistema de concurso-oposición (estabilización de emprego).

O prazo para presentar as instancias será de vinte (20) días naturais contados desde a publicación no BOE, tal e como recollen as bases do proceso.

Os sucesivos anuncios referentes a esta convocatoria, cando cumpra de conformidade coas bases, faranse públicos na forma prevista nelas.

Porto do Son, 13 de xullo de 2021

José Luis Oujo Pouso  
Alcalde

